

O Real Coro Toxos e Froles converte por un día a súa sede nun estudio de gravación

Domingo, 04 de Julio de 2010



REDACCIÓN > FERROL

A sede do real Coro **Toxos e Froles** na rúa Magdalena convertiuse onte nun estudio de gravación. Ata alí foron os técnicos que están a traballar no novo disco do grupo de folk de Cambados **Treixadura**. O disco titularase "... Esa si que é muiñada" e a formación ferrolá intervéñen nel interpretando dúas obras, unha alborada e unha foliada, para as que **Treixadura** requeriu a presenza do **Toxos**.